



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Ana Lusia Bouza Santiago e Henrique Viéitez Alonso, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** respectivamente, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á falla de diálogo cos representantes dos traballadores e traballadoras por parte da xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

A Xerencia do CHUS ven de realizar diversas modificacións no ámbito laboral sen que a representación dos traballadores e traballadoras fora informada e puidera emitir informe sobre os mesmos. Concretamente, realizouse o nomeamento de “coordinador/a da área de servizos de radioloxía” e modificouse a ubicación de parte do persoal administrativo deste servizo, sen que existira ningún tipo de diálogo cos propios traballadores e traballadoras ou os seus representantes.

A lexislación vixente sobre as funcións e lexitimación dos órganos de representación establece que estes teñen que recibir información sobre a política de persoal, os datos referentes á evolución das retribucións, así como, a evolución probábel do emprego no ámbito correspondente e programas de mellora do rendemento. A lexislación tamén establece que os órganos de representación deben emitir informe sobre o traslado total ou parcial da instalacións e a implantación ou revisión dos seus sistema e métodos de traballo.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela


Galiza

No caso ao que nos referimos a dirección do CHUS ven de nomear unha coordinadora dos servizos de radioloxía, sen que este posto estea regulado, xa que o único que existe é o de xefe de servizo. Un nomeamento que se produce sen que concorran as principios de igualdade, mérito e capacidade que deben rexer na provisión de traballadores e traballadoras das administracións públicas. Todo este proceso de nomeamento levouse adiante con ocultación ao representantes do traballadores e traballadoras e negándolles o dereito a informar este proceso.

Outro tanto podemos afirmar dos cambios levados adiante no servizo de radioloxía. Segundo a información da que dispón o noso grupo, reubicouse unha parte do persoal administrativo sen previo aviso, e sen que a ocupación doutro espazo contara coa avaliación preceptiva de unidade de prevención de riscos laborais. Segundo denuncia sindical, as traballadoras deste servizo non foron tratadas con dignidade, corrección e consideración.

Tanto a Comisión de Centro do CHUS, como o sindicato CIG, veñen de denunciar estes feitos, considerando que está vulnerando a legalidade vixente e que a dirección deste centro actúa con oscurantismo. Manifestan tamén a súa preocupación pola falta de diálogo social, preciso para levar adiante proxectos en base ao interese xeral e que melloren a resposta e funcionamento do servizo público de saúde.

Estamos ante feitos que merecen unha aclaración por parte do goberno, razón pola que formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1ª) Como valora a Xunta de Galiza os feitos descritos na parte expositiva desta iniciativa?

2ª) Que accións ten previsto adoptar a Xunta de Galiza ante o nomeamento dun posto (coordinador de radioloxía) que non está regulado e que foi designado de maneira arbitraria?

3ª) Cales son as funcións, réxime de acceso e remuneración do posto coordinador de radioloxía no C.H.U.S.? En que documento oficial se atopa regulado este posto?

4ª) Que razóns levaron a non informar ao persoal administrativo de radioloxía dos cambios de ubicación?

5ª) Conta a dirección cunha avaliación da unidade de prevención e riscos laborais sobre a ubicación deste persoal?

6ª) Que accións ten previsto adoptar para restablecer o diálogo social e respecto pola legalidade vixente no C.H.U.S.?


Santiago de Compostela, 4 de Febreiro de 2010

Asdo. **Ana Belén Pontón Mondelo**

Ana Luisa Bouza Santiago

Henrique Vieitez Alonso

Deputadas e Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 04/02/2010 12:32:35

Ana Luísa Bouza Santiago na data 04/02/2010 12:32:39

Henrique Viéitez Alonso na data 04/02/2010 12:32:42